

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN
PROCEDIMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

DENOMINACIÓN DO EXPEDIENTE:

Servizo: *Coordinación de seguridade e saúde dos traballos de conservación e mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2021-2025)*

CLAVE: ATSP210101

ANTECEDENTES:

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. instruíu e examinou o expediente para a contratación do servizo de referencia.

No expediente constan os documentos esixidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).

O expediente tramítase por procedemento aberto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 318 da LCSP regula a adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada polos poderese adxudicadores que non teñan a condición de Administracións Públicas .

2. Segundo o artigo 117 da LCSP, completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

4. O Consello de Administración da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA ten a competencia para aprobar os pregos e o expediente de contratación de acordo co artigo 11 dos seus Estatutos.

De acordo con todo o indicado o Consello de Administración na súa reunión do 21 de maio de 2021, **resolveu** aprobar o prego, o expediente de contratación e o inicio da licitación do servizo por procedemento aberto.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Francisco Menéndez Iglesias
Presidente de SPI-Galicia

